

Expediente núm.: 240/2023

Procedemento: Subvención solicitada a outra Administración.

Data de apertura: 15/02/2023

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE PERSOAL PARA O “PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS MUNICIPAL” AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO RURAL (APROL RURAL) 2023

BASE PRIMEIRA.- Natureza e duración dos contratos:

O obxecto destas bases é a selección de persoal para cubrir con carácter temporal, ao 100% da xornada, 1 praza ao abeiro da orde do 09 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases que as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL), dentro do proxecto seguinte:

A praza ofertada terá as seguintes características:

1. Posto: Peón forestal (cód. Ocupación: 95431028)
2. Tipo de contrato: Contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral.
3. Duración: 9 meses
4. Xornada: Completa
5. As retribucións salariais a xornada completa, ao abeiro do acordo marco de ámbito estatal para o sector de actividades forestais:
 - salario bruto incluídos todos os conceptos tanto salariais como extrasalariais: 1.260,00 €
 - seguridade social: 482,58 €
 - Indemnización fin contrato: 42,00 €
 - total custe salarial: 1.784,58 €

Na selección da persoa beneficiaria do contrato laboral temporal aplicaranse os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade así como os establecidos no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado, de publicidade das convocatorias e das súas bases, transparencia, imparcialidade e profesionalidade dos membros órganos da selección, independencia e discrecionalidade técnica na actuación, adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver, axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección e os demais establecidos na normativa vixente de aplicación

Así mesmo, para levar a cabo a selección o concello nomeará o tribunal cualificador, cuxa composición deberá adecuarse aos principios que regulan a constitución e funcionamento dos órganos de selección.

BASE SEGUNDA.- Requisitos

A selección efectuarase entre as persoas demandantes de emprego, desempregadas ou con mellora de emprego, inscritas no Servizo Público de Emprego e remitidas pola Oficina de Emprego de Redondela e que cumpran os seguintes requisitos:

2.1) Ser español ou nacional do estado membro da Unión Europea de conformidade co previsto no artigo 57 do RDL 5/2015 polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.

2.2) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.



2.3) Titulación: certificado de escolaridade ou equivalente.

2.4) Estar inscritos como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego no Servizo Público de Emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato de traballo coas cláusulas específicas para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral.

2.5) Posuír a capacidade funcional para o desempeño da tarefas propias do posto.

2.6) Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

2.6) Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

2.7) Os traballadores e as traballadoras que fosen contratados, por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2022 pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratados con cargo ás axudas previstas nesta orde.

2.8) Tampouco poderán ser contratados ao abeiro desta oferta os traballadores que, tendo en conta a duración máxima do contrato que se oferta, estivesen contratados durante un prazo superior a vinte e catro meses, nun período de trinta meses, con ou sen solución de continuidade, para o mesmo ou diferente posto de traballo co concello de Covelo, mediante dous ou máis contratos temporais. (art. 15.5 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, por o que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores).

As persoas aspirantes deberán dispoñer das condicións establecidas na presente base antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes e deberán acreditarlas no momento de contestación á oferta de chamamento. O non cumprimento será motivo de exclusión do/a aspirante

BASE TERCEIRA: DOCUMENTACIÓN E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes formalizaranse nos modelos que se xuntan a estas bases e deberán presentarse, ben na Sede Electrónica (<https://soutomaior.sedelectronica.es/>), ben presencialmente no Rexistro Xeral do Concello de Soutomaior, ou ben en calquera das formas legalmente establecidas, de luns a venres: 09:00-14:00 h. O prazo de presentación rematará o día 10/05/2023 ás 14:00 h.

Documentación xeral a presentar:

- Instancia xeral no modelo normalizado que figura como anexo I
- DNI ou tarxeta acreditativa da identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns /as comunitarios/as
- Declaración xurada de cumprir os requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente.
- Documento acreditativo de inscrición como demandante de emprego emitido pola Oficina de Emprego, así como dos períodos de inscrición como desempregado



- e) Titulación esixida: certificado escolaridade.
- f) Acreditación documental xustificativa dos méritos alegados en orixinal (certificados de cursos, libro familia, declaración da renda, etc...)
- Certificado de convivencia e libro de familia, sentenza de separación ou divorcio
 - Acreditación de non percepción de ningunha prestación social (certificado do INEM), no seu caso.
 - Acreditación de percepción da renda de integración social de Galicia (resolución de concesión do organismo correspondente.), no seu caso.
 - Diplomas, certificados ou documentos equivalentes acreditativos da formación alegada.

A non presentación desta documentación, suporá a non valoración dos méritos alegados.

BASE CUARTA: Procedemento de selección:

O sistema de selección será o Concurso de méritos e unha proba ou comprobación práctica

A selección farase de entre os desempregados/a inscrito/as na Oficina de Emprego de Redondela e preseleccionados por esta coa categoría citada. Para elo o Concello presentará 1 oferta para a súa contratación laboral temporal, ao abeiro da Orde de 09 de xaneiro de 2023.

Terán preferencia en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, de conformidade co artigo 14.5 da Orde de 09 de xaneiro de 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

PROBA PRÁCTICA

O tribunal celebrará unha proba para a comprobación práctica dos coñecementos nas funcións a desenvolver, cuxa data, hora e lugar se anunciará oportunamente no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello, coa finalidade de avaliar as súas capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Será requisito imprescindible superar a proba para proceder a valorar os méritos. Esta fase valorarase ata un máximo de 10 puntos sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superar a proba.

BAREMACIÓN DE MÉRITOS:

- a) Por pertenza aos seguintes colectivos con especial dificultade de inserción laboral, establecidos no art. 14.5 da Orde (ata un máximo de 3 puntos)
- a.1) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia.
Mulleres.(0,20p)
Mulleres vítimas de violencia de xénero. (0,30p)
 - a.2) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego, ou aquelas sen cualificación profesional.
Menores de 30 anos. (0,20p)
Menores de 30 anos que sexan demandantes de 1º emprego (0,30 p)
 - a.3) Persoas paradas de longa duración. (máis de 6 meses) (máximo 1 p: 0,30p por mínimo 6 meses de antigüidade, e 0,10 por cada 3 meses a maiores.
 - a.4) Persoas con discapacidade. (0,25 p)



- a.5) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tiveran dereito. (0,25)
- a.6) Persoas desempregadas maiores de 45 anos. (0,25)
- a.7) Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social (especialmente os beneficiarios da renda de integración social de Galicia). (0,25p)

- b) As persoas que teñan ao seu cargo o/a cónxuxe, o/a parella de feito, fillos e fillas menores de 26 anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento: 1,5 puntos.

Este apartado valorarase do seguinte xeito:

CARGAS FAMILIARES EN 1º GRAO DE PARENTESCO	PUNTUACIÓN
Por ser familia monoparental con fillos/as a cargo	0,25
Por fillo/a menor de 26 anos ou maiores con discapacidade e menores en acollemento e/ou maiores con discapacidade.	0,5
Por cónxuxe ao cargo	0,25

Deberá xustificarse achegando fotocopias do libro de familia, volante de convivencia expedido polo Concello e calquera outra documentación que acredite a existencia destas responsabilidades. (certificados de pensións, certificados SEPE, etc...)

- c) Formación específica relacionada co posto a cubrir: 0,5 p
 - o Titulación relacionada coa rama forestal: 0,25p
 - o Curso básico de prevención de riscos laborais
 - Ata 20 horas: 0,05 puntos
 - De 20 horas a 49 horas: 0,10 puntos por curso.

BASE QUINTA.-PROCEDIMENTO

Os méritos apreciaranse polo Tribunal cualificador cos documentos que verifiquen aqueles susceptibles de baremación.

Valorados os méritos alegados e practicadas as probas/comprobacións prácticas polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas, o tribunal seleccionará ao/á candidato/a que obteña maior puntuación, que virá determinada pola suma das puntuacións obtidas no concurso de méritos máis na proba/comprobación práctica.

Os posibles empates nas puntuacións dirimiranse mediante a aplicación dos criterios establecidos: terán preferencia os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, pola seguinte orde de preferencia:

- A) Ás vítimas de violencia de xénero.
- B) Ós candidatas maiores de 45 anos. C) Ós candidatos que formen unha familia monoparental con fillos ó seu cargo.
- D) Ós candidatos con niveis de renda máis baixa.
- E) Ós candidatos con cargas familiares.

As persoas candidatas poderán formular, ante o tribunal cualificador, as alegacións que estimen oportunas no prazo de dous días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación na sede electrónica ou páxina web. O Sr. Alcalde procederá a efectuar o nomeamento asinándose cos aspirantes seleccionados o correspondente contrato laboral.



BASE SEXTA: LISTA DE RESERVA.

1) Rematado o proceso selectivo, o tribunal cualificador elaborará unha lista de reserva, cunha validez de ata seis meses, integrada polos candidatos que, tendo superadas todas as fases da selección, obtiveran as seguintes mellores puntuacións finais ás dos propostos para ocupar as prazas obxecto da convocatoria. Esta lista empregarase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a prestación da actividade polo inicialmente seleccionado.

No suposto de que a lista de reserva se esgotase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación polo Concello, procederase a iniciar un novo procedemento selectivo.

BASE SÉTIMA: TRIBUNAL CUALIFICADOR

A Comisión de Selección estará integrada polos seguintes membros:

Presidente: M^a Jesús Rodríguez Freire, secretaria do Concello de Soutomaior (ou persoa que legalmente a substitúa)

Vogais:

- o D^a Luis Alberto Míguez Pazos, persoal laboral fixo do Concello, ou persoa que legalmente a substitúa
- o D^a Montserrat Míguez Santos, persoal laboral fixo do Concello ou persoa que legalmente a substitúa
- o D^a Laura Campos Rivas , funcionaria do Concello ou persoa que legalmente a substitúa.

Secretaria: D^a Patricia Bouzón Rodríguez, administrativa ou persoa que legalmente a substitúa.

BASE OITAVA: PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

O aspirante proposto presentará no rexistro do Concello, no prazo de 2 días hábiles contados desde a publicación do resultado do proceso selectivo no taboleiro de anuncios do concello a seguinte documentación:

- *Copia da tarxeta de desemprego*
- *Copia da tarxeta da Seguridade Social*
- *Certificado orixinal da titularidade de conta bancaria*

En todo o non previsto por estas Bases, os contratos rexeranse polo disposto na lexislación reguladora de contratos de obra ou servizo determinado de interese xeral ou social, así como pola resolución da concesión da subvención e a Orde da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade de 09 de xaneiro de 2023. Así mesmo será de aplicación o Estatuto dos Traballadores e a lexislación de función pública que poida selo.

O Alcalde

Documento asinado dixitalmente á marxe.

